


**ACTIVIDADES
DE
DESCOMPOSICIÓN**

DESCOMPOSICIÓN

MATERIAL: Chapas ou calquera outro material que nos sirva para contar, dous recipientes e cartas numéricas..

DESENVOLVEMENTO: Sacamos unha carta e contamos o mesmo número de chapas logo imos repartindo as chapas nos recipientes e anotamos nun papel. Cada número terá varias posibilidades de descomposición intentaremos que consigan facer o maior número posible





TIPO:

Unha posible **VARIANTE** desta actividade podería a seguinte: repartiremos fichas de dominó e sacamos un número. Cada neno irá colocando ficha se os puntos suman o número da carta.



DESCOMPOSICIÓN DE NÚMEROS



MATERIAL: pratos, bolas (tapóns, garbanzos, palillos) e unha plantilla

EXPLICACIÓN: a partir dun número determinado de tapóns os nenos deberán descompoñelos de forma manipulativa separando os tapóns en dous pratos de todas as formas posibles, movementos que deberán ir rexistrando sobre unha plantilla de papel.

FACEMOS DESCOMPOSICIÓN

MATERIAL: Números, pinzas e perchas

DESENVOLVEMENTO: Axudados de perchas imos descompoñer números. Temos unha percha na que se atopa un número. Nesa mesma percha temos, tamén, o número de pinzas que se nos indica. A percha está dividida por unha marquiña. A consigna para traballar a descomposición dos números e dicirlles aos peques que fagan todas as separacións posibles dese número empregando as pinzas.



**ACTIVIDADES
COMPLEMENTARIO
DO DEZ**


COMPLEMENTARIOS DO 10



MATERIAL: Tarxetas coa grafía dos números e panel

EXPLICACIÓN: repártense siluetas de números entre os nenos, cada neno debe buscar a parella para formar o 10. Unha vez que os teñen colócanos no panel.

MARIOLA DO 10



MATERIAL: tarxetas coa grafía dos números, pedra e tezas

EXPLICACIÓN: Semellante ao xogo da mariola. O alumno ten que levar a pedra a pata coxa desde un número ata a súa parella coa que forme 10

ACTIVIDADES

CUADRANTE

DO 100

CUADRANTE DO 100

MATERIAL: Cuadrante

DESENVOLVIMENTO: Imos completando "a familia do..." ou "os amigos do...",



MATERIAL PARA IMPRIMIR

CADRANTE DO 100

<https://www.orientacionandujar.es/2017/01/21/metodo-abn-tabla-del-100-recursosep/la-tabla-del-100/>

CASITAS DE DESCOMPOSICIÓN

<https://i2.wp.com/www.actiludis.com/wp-content/uploads/2014/01/CASITAS.jpg?w=283&ssl=1>